



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981545434 Fax: 981545422
sxu@edu.xunta.es

INSTRUCCIONES SOBRE A DETERMINACIÓN DA OFERTA DE PRAZAS NAS TITULACIÓN OFICIAIS DE GRAO NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

A Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, establece no seu artigo 43 que as Comunidades Autónomas efectuarán a programación da oferta de ensinanzas das universidades públicas da súa competencia e os seus distintos centros, de acordo con elas e conforme aos procedementos que establezan.

A oferta de prazas comunicarase ao Consejo de Coordinación Universitaria, hoxe Conferencia General de Política Universitaria, para o seu estudio e determinación da oferta xeral de ensinanzas e prazas, que será publicada no Boletín Oficial del Estado.

Por outra banda, o artigo 46 do Real Decreto 1892/2008, de 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas, establece que antes do 31 de maio de cada ano, a Conferencia General de Política Universitaria fará público o número máximo de prazas que para cada titulación e centro ofrecen cada unha das universidades públicas. Ditas prazas, serán propostas polas universidades e deberán contar coa aprobación previa da comunidade autónoma que corresponda.

Mediante Acordo adoptado polo Consejo de Coordinación Universitaria o 20 de febreiro de 2007, estableceronse os Criterios para o establecemento da oferta de prazas para o curso 2007-2008, criterios que foron assumidos ano tras ano pola Conferencia General de Política Universitaria, órgano de concertación, coordinación e cooperación da política xeral universitaria ao cal atribuíuse expresamente, a función referida no artigo 43.1, a tenor do establecido na Disposición adicional quinta da LOMLOU, por ter demostrado na práctica a súa



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981545434 Fax: 981545422
sxu@edu.xunta.es

utilidade para realizar a programación da oferta de ensinanzas nas universidades públicas.

Por este motivo, a Secretaría Xeral de Universidades considera necesario fazer públicas unhas instrucións sobre os criterios a ter en conta para a determinación da oferta de prazas nas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia de cara a realizar a programación da oferta nos sucesivos cursos académicos.

PRIMEIRA.- No mes de marzo de cada ano a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades, solicitará ás universidades do SUG a remisión da proposta de prazas a ofertar para cada unha das súas titulacións para o seguinte curso académico, co fin de proceder á súa análise e aprobación previa á súa presentación na Conferencia General de Política Universitaria.

SEGUNDA.- As universidades fixarán, para cada curso académico, un número máximo de prazas de novo ingreso para cada unha das titulacións de grao que oferten.

TERCEIRA.- En todo caso, a proposta de prazas de novo ingreso a ofertar para cada titulación deberá ter en conta o compromiso reflectido na memoria do título que obtivo a verificación do Consejo de Universidades, así como o disposto na normativa autonómica reguladora das ensinanzas universitarias.

CUARTA.- As universidades poderán propor un incremento no número de prazas de novo ingreso con respecto ao curso anterior sempre que conte cos medios humanos e materiais necesarios para atender axeitadamente o dito incremento.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981545434 Fax: 981545422
sxu@edu.xunta.es

QUINTA.- En caso de proponer unha redución na oferta de prazas para unha titulación esta non poderá ser superior ao 5% respecto da realizada no curso inmediatamente anterior.

Cando unha universidade propóna unha redución superior ao 5%, esta deberá ser suficientemente motivada e será admisible nos seguintes supostos:

-que nos dous cursos anteriores a matrícula de novo ingreso fora claramente inferior á oferta de prazas deses cursos, sempre que a nova oferta proposta cubra a matrícula deses dous cursos

-que existan motivos de carácter excepcional e temporal, en ningún caso permanentes, que orixinen a dita redución e sexan xustificados pola universidade.

SEXTA.- Recibidas as propostas de oferta de prazas, acompañadas no seu caso da motivación oportuna, a Secretaría Xeral de Universidades comprobará que estas se axustan aos criterios recollidos nas presentes Instruccións. En caso contrario, requirirase á universidade propoñente para que, no prazo de 10 días, facilite as aclaracións ou motivacións que estime convenientes para que a dita proposta sexa autorizada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e trasladada á Conferencia General de Política Universitaria. De non atender ao dito requerimento, a consellería modificará a proposta presentada para a/as concreta/s titulación/s afectadas axeitándoa ás determinacións da presente instrución, dando traslado da mesma á Conferencia General de Política Universitaria.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2011

O secretario xeral de Universidades



Jose Alberto Díez de Castro